

O “NEO-GALEGO” OURENSÁN: ACTITUDES CARA AOS CASTELANISMOS

LUKE BISHOP

University of Texas

Na última década, o campo de estudos do neofalantismo en Galicia tentou obter unha visión ampla do fenómeno (cf. artigos en Ramallo et al. 2019 e O'Rourke et al. 2015). A maioría dos estudos colocan o foco nos centros urbanos de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. A presente comunicación amosa unha aproximación cualitativa aos neofalantes de Ourense a través dos datos obtidos de 24 enquisas con neofalantes ourensáns, gravadas en 2022. Os meus datos suxiren que estes desenfocan a noción dunha simple dicotomía entre galegos de alta educación, que empregan unha variedade de galego “puro” normalizado, e galegofalantes “tradicionais”, que falan unha variedade salpicada de trazos dialectais rexionais e castelanismos. Nesta presentación, centro a miña discusión nos castelanismos, e deixo os trazos dialectais para futuras conversas.

É máis probable que os neofalantes consideren os castelanismos como impurezas que contaminan a súa lingua, e os seus niveis altos de investimento persoal e de conciencia metalingüística significan que están máis dispostos a evitar os préstamos. Iglesias Álvarez (2016: 114) anota que os neofalantes se esforzan en falar un galego “de calidade”. A pesar desas tendencias documentadas, os meus datos suxiren que as actitudes cara aos castelanismos varían máis entre os neofalantes fóra das cidades de maior tamaño.

Aínda que os perfís de neofalantes detallados por O'Rourke & Ramallo (2013, 2015, 2018) sinalan unha tendencia cara ao purismo, os neofalantes que entrevistei non tenden a actitudes elitistas. En xeral, amosan unha de dúas opinións sobre os castelanismos: ou ben unha decisión consciente de evitalos ou, máis comunmente, unha indiferenza ante a súa presenza como parte dun auténtico “galego de toda a vida”. Ourense é unha cidade obreira, chea de industria e, fundamentalmente, ten moitos habitantes que viven e traballan nos arredores da cidade e pasan as fins de semana no rural. En termos de Woolard (2016), parece que os neofalantes ourensáns están máis dispostos ás ideoloxías da *autenticidade* fronte á inclinación ao *anonimato* máis común dos neofalantes doutras cidades.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Iglesias Álvarez, Ana. 2016. Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar. *Estudos de Lingüística Galega*, 8, 107-125. <https://doi.org/10.15304/elg.8.3074>
- O'Rourke, Bernardette, Joan Pujolar & Fernando Ramallo. 2015. New speakers of minority languages: The challenging opportunity. *International Journal of the Sociology of Language*, 2015(231), 1–20. <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0029>

SIMPOSIO ILG 2023
CONTACTO DE LINGUAS: IDENTIDADES E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS
28-30 de novembro
Salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC

- O'Rourke, Bernardette & Fernando Ramallo. 2013. "A miña variedade é defectuosa": A lexitimidade social das neofalas. *Estudos de Lingüística Galega*, 5, 89-103.
- O'Rourke, Bernardette & Fernando Ramallo. 2015. Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician. *International Journal of the Sociology of Language*, 2015(231), 147-165. <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0036>
- O'Rourke, Bernardette & Fernando Ramallo. 2018. Identities and New Speakers of Minority Languages: A Focus on Galician. En Cassie Smith-Christmas, Noel P. Ó Murchadha, Michael Hornsby & Máiréad Moriarty (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*. 91-109. London: Palgrave Macmillan UK. https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_5
- Ramallo, Fernando, Estíbaliz Amorrortu & Maite Puigdevall (eds.). 2019. *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert.
- Woolard, Kathryn A. 2016. *Singular and Plural: Ideologies of Linguistic Authority in 21st Century Catalonia*. Oxford: Oxford University Press.